

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**11132** *Real decreto 541/2016, do 25 de novembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores e as súas asociacións no sector cunícola.*

A reforma da política agraria común en 2013 recoñeceu a importante función que as organizacións de produtores e as súas asociacións poden desempeñar na concentración da oferta, a mellora da comercialización, a adaptación da produción á demanda, a optimización dos custos de produción, o fomento das prácticas correctas e a xestión de subprodutos, entre outros, contribuíndo así a fortalecer a posición dos produtores na cadea de valor alimentaria.

Con estes fins, era necesario harmonizar, racionalizar e ampliar as normas vixentes sobre a definición e o recoñecemento das organizacións de produtores e as súas asociacións no ámbito comunitario, de xeito que os Estados membros puidesen recoñecelas logo de solicitude dos interesados e garantir que se creasen por iniciativa dos produtores e cun funcionamento democrático.

Deste modo, o capítulo III do título II do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Consello e do Parlamento, do 17 de decembro, polo que se crea a organización común de mercados de produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, define e establece as condicións de recoñecemento das organizacións de produtores e as súas asociacións constituídas por produtores dun sector específico dos enumerados no artigo 1.2 do devandito regulamento, entre os cales está incluído o sector cunícola.

Considerando a necesidade de equilibrar a cadea de valor neste sector, mellorando a posición do produtor como o elo máis débil desta, resulta conveniente establecer no ámbito nacional as condicións para o recoñecemento das organizacións de produtores como elementos clave de cooperación e desenvolvemento sectorial a través da realización dunha serie de finalidades entre as cales destacan a concentración da oferta e a comercialización en común da produción dos seus membros, a planificación da oferta conforme a demanda, a optimización dos custos de produción e, en xeral, conseguir ganancias de eficiencia en toda a cadea de produción, transformación e comercialización da carne de coello que desexablemente se trasladen ao consumidor final.

En primeiro lugar, este real decreto dispón algúns aspectos relativos aos requisitos mínimos para o recoñecemento, ás funcións que van desenvolver as organizacións de produtores no sector cunícola, así como ás normas e ao procedemento para o seu recoñecemento. Ademais, créase un rexistro nacional de organizacións de produtores no sector cunícola.

Estes requisitos recollen uns limiares mínimos e máximos tanto de produción mínima comercializable e de comercialización en común como de produtores que van formar parte das organizacións de producións. Estes limiares atenden ás características estruturais (censo, explotacións e distribución destas) e ás particularidades económicas do sector cunícola.

Posteriormente, o real decreto regula a posibilidade da externalización de determinadas actividades distintas á produción, así como os posibles acordos e as prácticas concertadas entre organizacións de produtores, tal e como o prevé o Regulamento 1308/2013, do Consello e do Parlamento, do 17 de decembro.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións preliminares

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto establecer a normativa básica aplicable ao recoñecemento de organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores, en diante, organizacións e asociacións, respectivamente, no sector cunícola.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións incluídas no artigo 2 do Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas. Ademais, aplicaranse as seguintes definicións:

- a) Comercialización (en común): a tenza con vistas á venda, a oferta para a venda, a subministración ou calquera outra forma de posta en común no mercado de animais vivos da familia «*Leporidae*», por parte dos produtores agrupados nas organizacións de produtores, que implique a ordenación da oferta.
- b) Produtor: toda persoa, física ou xurídica, titular dunha ou varias explotacións cunícolas.
- c) Sede efectiva: o lugar onde se toman as decisións clave comerciais e de xestión, necesarias para dirixir as actividades da entidade.

CAPÍTULO II

### Recoñecemento das organizacións de produtores e das súas asociacións e requisitos mínimos para o seu funcionamento

Artigo 3. *Finalidades e requisitos mínimos das organizacións de produtores.*

Poderán recoñecerse como organizacións todas aquelas entidades xurídicas propias ou que sexan parte claramente definida dunha entidade xurídica, de carácter civil ou mercantil, constituídas exclusivamente por produtores, que o soliciten, que cumpran cos requisitos establecidos no Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Consello e do Parlamento, do 17 de decembro, polo que se crea a organización común de mercados de produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, no presente real decreto e:

- a) Que se creen por iniciativa de produtores do sector cunícola.
- b) Que estean constituídas e controladas de acordo cuns estatutos democráticos, que inclúan as obrigas e previsións establecidas polo artigo 153 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro.
- c) Que realicen a concentración da oferta e a comercialización en común, incluíndo a comercialización directa:

1.º De máis do 65 % dos produtos dos seus membros durante o primeiro ano de pertenza destes á organización.

2.º De máis do 70 % dos produtos dos seus membros durante o segundo ano de pertenza destes á organización.

3.º De máis do 75 % dos produtos dos seus membros durante o terceiro ano de pertenza destes á organización.

d) Que persigan unha mellora da eficiencia produtiva, previsiblemente trasladable aos consumidores, mediante un incremento do poder de negociación, a redución de riscos propios do sector agrario, o acceso ao mercado, o aproveitamento de economías de escala e, polo menos, unha das seguintes finalidades:

1.º Garantir que a produción se planifique e se axuste conforme a demanda, sobre todo no referente á calidade e á cantidade.

2.º Optimizar os custos de produción conxuntos e os beneficios dos investimentos realizados en resposta a normas relativas ao ambiente e ao benestar dos animais, e estabilizar os prezos de produción.

3.º Realizar estudos e desenvolver iniciativas conxuntas en relación con métodos de produción sustentables, prácticas innovadoras, competitividade económica e a evolución do mercado.

4.º Promover a asistencia técnica e prestar este tipo de asistencia para a utilización de técnicas de produción respectuosas co ambiente, así como de prácticas e técnicas de produción respectuosas co benestar dos animais.

5.º Promover a asistencia técnica e prestar este tipo de asistencia para o uso de normas de produción, para mellorar a calidade dos produtos e desenvolver produtos con denominación de orixe protexida, indicación xeográfica protexida ou cubertos por unha etiqueta de calidade nacional.

6.º Xestionar os subprodutos e os residuos, en particular, co fin de protexer a calidade da auga, o solo e a paisaxe, e de preservar e fomentar a biodiversidade.

7.º Contribuír a un uso sustentable dos recursos naturais e á mitigación do cambio climático.

8.º Desenvolver iniciativas conxuntas en materia de promoción e comercialización.

9.º Promover a asistencia técnica necesaria para a utilización dos mercados de futuro e dos sistemas de seguro.

e) Que agrupen un mínimo de 25 produtores e un máximo de 500, cunha produción mínima comercializable anual dun millón de animais destinados á venda ou sacrificio e unha máxima de oito millóns. Para determinar esta capacidade utilizarase a información dispoñible no Sistema integral de rastrexabilidade animal (Sitran) no momento de presentación da solicitude de recoñecemento.

f) Que ofrezan suficientes garantías de que poden levar a cabo adecuadamente as funcións establecidas nas letras b) e c) deste artigo, tanto no relativo á duración como á eficacia e prestación de asistencia humana, material e técnica aos seus asociados.

#### Artigo 4. *Recoñecemento das organizacións de produtores.*

1. O recoñecemento das organizacións corresponde ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede efectiva da entidade solicitante ou, se é o caso, ao competente nas cidades de Ceuta e Melilla.

2. Co obxectivo de que os órganos responsables do recoñecemento establecidos no número anterior poidan comprobar os requisitos deste real decreto e, en particular, a produción mínima comercializable establecida no artigo 3.1.c), o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente adoptará as oportunas canles de comunicación e coordinación con estes, preferiblemente mediante medios telemáticos.

3. A solicitude de recoñecemento, xunto, polo menos, da documentación que se especifica no anexo I, presentarse nos lugares que determinen as comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e Melilla. En todo caso, poderá presentarse en calquera dos rexistros e lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados deberán presentar por medios electrónicos a documentación a que se refire este real decreto.

4. O órgano competente para o recoñecemento da organización conforme o que establece o número 1 deberá decidir, nos catro meses seguintes á presentación da solicitude, xunto con todas as probas xustificativas pertinentes e a documentación que se especifica no número 3 do presente artigo, se concede o recoñecemento á organización de produtores.

5. As organizacións transnacionais deberán fixar a súa sede no Estado membro no que dispoñan dun número significativo de membros ou dun volume significativo de produción comercializable. No caso de que a sede se sitúe en España, a autoridade competente onde radique a sede efectiva da entidade solicitante será a responsable do recoñecemento desta e seranlle de aplicación todos os aspectos regulados no presente capítulo.

6. Os produtores que formen parte dunha organización de produtores transnacional que non teña a súa sede en España deberán achegar toda a documentación e información que lles sexa requirida por petición do Estado membro responsable do recoñecemento, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

7. No caso de denegación de recoñecemento, a autoridade competente do recoñecemento da organización ou asociación de produtores deberá informar a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios da devandita decisión e esta, pola súa vez, deberá informar a Comisión Europea, con base no artigo 154.4.c) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Consello e do Parlamento, do 17 de decembro.

#### Artigo 5. *Obrigas xerais dos socios dunha organización de produtores.*

1. Os socios dunha organización comprometeranse a comercializar a través da devandita organización polo menos o 75 % da súa produción anual, con excepción daquela produción que poida ser transformada e comercializada directamente polo produtor.

2. Os socios da entidade deberán adherirse á organización durante un mínimo de dous anos e, no caso de que desexen causar baixa unha vez concluído o dito prazo, deberán comunicar por escrito a renuncia á calidade de membro coa antelación establecida pola organización.

3. Os produtores que incumpran o período mínimo de adhesión establecido no número 1 deste artigo non poderán solicitar a alta noutra organización durante un período dun ano contado desde a data efectiva da baixa.

4. Un produtor non poderá ser membro de máis dunha organización de produtores no sector cunícola, salvo que posúa máis dunha unidade de produción situada en zonas xeográficas diferentes.

5. Todas as baixas causadas nunha organización de produtores deberán ser comunicadas por esta á autoridade competente da comunidade autónoma que a recoñeceu nun prazo máximo dun mes desde que se produza a dita baixa.

#### Artigo 6. *Retirada do recoñecemento.*

1. Mediante resolución da autoridade competente, o recoñecemento declararase extinguido nos seguintes casos:

a) Por solicitude da entidade, sen prexuízo do cumprimento das obrigas e compromisos derivados da súa condición de organización de produtores e das responsabilidades que puidesen derivar como consecuencia das actuacións levadas a cabo durante o período en que a entidade posuía o recoñecemento.

b) Cando se detecte o incumprimento sobrevido dos criterios do recoñecemento.

2. A comprobación por parte das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla do requisito relativo á produción mínima comercializable das organizacións recoñecidas deberá realizarse na data do 1 de xaneiro de cada ano.

3. En caso de que se detecte o incumprimento dese requisito, dentro dunha porcentaxe que non supere o 20 por cento, a organización disporá dun período de seis

meses para corrixir este incumprimento. Pasado este tempo sen que o incumprimento se emende, farase efectiva a retirada do recoñecemento.

4. A autoridade competente do recoñecemento das organizacións de produtores ou as súas asociacións deberán informar a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios de toda decisión relativa á retirada do recoñecemento da organización que, pola súa vez, deberá informar a Comisión Europea, con base no artigo 154.4 c) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Consello e do Parlamento, do 17 de decembro.

#### Artigo 7. *Asociacións de organizacións de produtores.*

1. Poderanse recoñecer como asociacións de organizacións de produtores todas aquelas entidades con personalidade xurídica propia, constituídas por organizacións recoñecidas conforme o previsto no presente real decreto, que así o soliciten da autoridade competente e que cumpran os requisitos previstos neste real decreto.

2. As asociacións de produtores poderán desempeñar calquera das actividades ou funcións das organizacións de produtores recollidas no artigo 3.d).

3. O recoñecemento das asociacións corresponde ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede efectiva da entidade solicitante ou, se é o caso, ao competente nas cidades de Ceuta e Melilla.

4. As asociacións transnacionais deberán fixar a súa sede no Estado membro en que dispoñan dun número significativo de membros ou dun volume significativo de produción comercializable. No caso de que a sede se sitúe en España, a autoridade competente onde radique a sede efectiva da entidade solicitante será a responsable do recoñecemento desta e seranlle de aplicación todos os aspectos regulados no presente capítulo.

5. Os produtores que formen parte dunha asociación que non teña a súa sede en España deberán achegar toda a documentación e información que lles sexa requirida por petición do Estado membro responsable do recoñecemento, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

#### Artigo 8. *Rexistro Nacional de Organizacións e Asociacións de Organizacións de Produtores.*

1. As organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores recoñecidas de acordo co establecido neste real decreto inscribíranse no Rexistro Nacional de Organizacións e Asociacións de Produtores do sector cunícola, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a partir da información que subministren as comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla, no prazo máximo dun mes desde o seu recoñecemento. Os cambios que se produzan na agrupación que afecten os datos deste rexistro e, en particular, todas as baixas causadas nunha organización de produtores deberán ser comunicadas á autoridade competente da comunidade autónoma polas organizacións de produtores e polas súas asociacións recoñecidas no prazo máximo dun mes.

2. A información correspondente ás organizacións e asociacións recoñecidas que debe remitirse ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente por parte das autoridades competentes do recoñecemento é a establecida no anexo II.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente os cambios na información que lles sexan comunicados polas organizacións de produtores e polas súas asociacións recoñecidas por elas, no prazo máximo dun mes desde o momento da comunicación do cambio por parte destas.

4. As autoridades competentes das comunidades autónomas, en colaboración co Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, manterán actualizados no Rexistro nacional de organizacións de produtores dos sectores gandeiros e asociacións de organizacións de produtores os datos relativos a estas.

5. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente publicará na súa páxina web unha listaxe coas organizacións e asociacións recoñecidas, na cal se incluírán polo menos os seguintes datos: número de rexistro, nome, comunidade autónoma

ou cidade de recoñecemento, data de recoñecemento, volume de produción comercializable, número de membros, NIF, enderezo e teléfono da sede da organización.

6. A Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente será a encargada de informar a Comisión, como moi tarde o 31 de marzo de cada ano, de toda decisión relativa á concesión, denegación ou retirada do recoñecemento das organizacións de produtores, adoptada durante o ano natural anterior, en cumprimento do artigo 154 do Regulamento n.º (UE) 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

*Artigo 9. Externalización de actividades por parte das organizacións e asociacións de produtores recoñecidas.*

1. As organizacións de produtores e as asociacións poderán externalizar calquera das súas actividades, distintas da produción, a calquera empresa, incluídas as empresas filiais, nas condicións que se establezan na normativa da Unión Europea. Para estes únicos efectos, entenderase por empresa filial aquela entidade que está controlada directa ou indirectamente pola organización ou asociación:

- a) Mediante unha significativa participación, que supere o 50 % do capital social ou dos dereitos de voto ou
- b) Polo dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control desta, ou
- c) Polo dereito a exercer unha influencia dominante sobre ela, en virtude dun contrato suscrito con ela ou dunha cláusula estatutaria desta.

2. En caso de aplicarse o parágrafo anterior, as organizacións e asociacións serán as encargadas de garantir a realización da actividade externalizada e do control e supervisión do acordo comercial relativo á realización da actividade.

*Artigo 10. Acordos, decisións e prácticas concertadas das organizacións e asociacións de produtores.*

Os acordos, decisións e prácticas concertadas realizados por organizacións e asociacións regularanse de acordo co disposto na normativa aplicable sobre competencia, sen prexuízo do establecido no artigo 209 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Consello e do Parlamento, do 17 de decembro, que establece que os acordos, decisións e prácticas concertadas de OP recoñecidas en relación coa produción ou venda de produtos agrícolas ou coa utilización de instalacións comúns para o almacenamento, tratamento ou transformación de produtos agrícolas estarán condicionados a non pór en perigo os obxectivos da PAC.

O presente artigo non se aplicará aos acordos, decisións e prácticas concertadas que comporten a obriga de cobrar un prezo idéntico ou por medio dos cales quede excluída a competencia.

#### CAPÍTULO IV

#### Control oficial

*Artigo 11. Control oficial.*

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá un plan de controis para comprobar o cumprimento deste real decreto, que incluírá, entre outros aspectos:

- a) A porcentaxe mínima de controis administrativos e sobre o terreo que se van realizar.
- b) As pautas para a realización dos controis oficiais.
- c) As autoridades competentes da execución dos controis oficiais en cada caso.

Estes controis poderanse compatibilizar con calquera outro realizado pola mesma autoridade competente e sen prexuízo da eventual aplicación da normativa de competencia.

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

O disposto neste real decreto non suporá incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal. Así mesmo, o rexistro previsto no artigo 8 será asumido cos medios orzamentarios, persoais, técnicos e materiais xa existentes destinados ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas atribucións, para a modificación dos anexos, das datas e dos prazos establecidos no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente  
ISABEL GARCÍA TEJERINA

## ANEXO I

### **Documentación mínima que se vai incluír na solicitude para o recoñecemento das organizacións de produtores (número 3 do artigo 4)**

1. Autorización expresa do órgano xestor para comprobar os datos mediante consulta ao Sistema de verificación de datos de identidade previsto no número 3 do artigo único do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes ou, na súa falta, fotocopia compulsada do citado documento.
2. Acreditación do representante legal da organización.
3. Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade.
4. Relación dos NIF dos titulares das explotacións e dos códigos Rega das explotacións pertencentes aos produtores da organización.
5. Declaración da organización en relación a que dispón dos compromisos individuais dos produtores integrantes de permanencia, polo menos, dous anos na organización e de comunicación de baixa no prazo establecido pola organización.
6. Declaración da organización en relación co cumprimento dos requisitos de comercialización en común dos produtos dos seus membros.
7. Memoria técnica que describa:
  - a) A capacidade da organización para cumprir as finalidades da organización de produtores.
  - b) Descrición das eficiencias que a constitución da organización pode achegar á cadea de produción e os seus beneficios potenciais para o consumidor.
  - c) Medios técnicos e persoais para garantir o cumprimento dos obxectivos descritos.
8. Copia dos estatutos da organización.

## ANEXO II

### **Información sobre as organizacións de produtores que van remitir as autoridades competentes ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (número 2 do artigo 8)**

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas deberán transmitir ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a seguinte información, cada vez que recoñezan unha organización de produtores e sempre no prazo máximo dun mes desde que se aprobe o recoñecemento:
  - a) Número de rexistro concedido pola comunidade autónoma, segundo o formato que se estableza.
  - b) Denominación, NIF, natureza xurídica, enderezo, código postal, comunidade autónoma, provincia, municipio, teléfono, fax e correo electrónico, indicación da/s especie/s animal/is que representa.
  - c) Finalidades opcionais que perseguirá a organización de produtores.
  - d) Xustificación do cumprimento do requisito relativo á comercialización en común dos produtos dos seus membros.
  - e) Data de recoñecemento.
  - f) Data de retirada do recoñecemento, de ser o caso.
  - g) NIF, códigos de explotación Rega dos titulares membros da organización, data de incorporación e/ou baixa na organización e censo achegado á organización.



No caso de asociacións de organizacións de produtores, en lugar da alínea g), deberá incluírse o NIF das organizacións de produtores pertencentes á asociación, a data de incorporación e/ou baixa na asociación e o censo achegado á asociación.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas autoridades competentes das comunidades autónomas, establecerá un protocolo para o envío da información por parte destas, que incluírá a descrición da estrutura do ficheiro informático para o seu envío.